

FUNDACIÓN FRAGAS DO MANDEO

Balance económico e de xestión

Exercicio 2015

O día 6 de xullo de 2010 constituíuse Fragas do Mandeo como entidade de custodia do territorio con fins de conservación da natureza da comarca de As Mariñas. Rematado o quinto ano natural, publica este informe de acordo coa lexislación vixente e seguindo a política de transparencia nas contas e na xestión.

Balance de xestión

No sexto exercicio da entidade, do mesmo xeito que no ano anterior, seguiu incrementando considerablemente a superficie custodiada baixo distintos tipos de acordos. Aínda que se adquiriron dereitos sobre 11 parcelas, o que significou un incremento da superficie total do 88%, neste caso e por primeira vez foi grazas a un acordo de custodia do territorio cunha entidade pública, que ten unha vixencia de 50 anos.

Continuouse coas actividades tendentes á difusión da actividade e obxectivos da entidade, e a divulgala custodia do territorio como instrumento xurídico para a conservación da natureza. Mantívose actualizada a páxina web, incrementáronse os seus contidos e tódolos meses ofreceuse nova información no blog de noticias. Paralelamente participouse en diversos eventos e organizouse a *IV Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*, na que interviñeron diversos expertos nas ciencias naturais. Os doadores e as asociacións colaboradoras mantivéronse informadas dos avances efectuados.

Realizáronse cinco mesas informativas e rastrillos solidarios como medio de ter presenza na rúa difundindo os obxectivos da entidade, e co obxecto de lograr fondos económicos adicionais.

Tal como se anticipou, o patrimonio inmobiliario veuse incrementado pola adquisición de dúas parcelas. Dende un punto de vista contable significou un aumento do 3 % respecto do ano anterior. No

caso do activo corrente, duplicouse (129 % de incremento) debido ós poucos investimentos en parcelas durante o exercicio.

Dotación fundacional e recursos

A dotación fundacional mantense como inicialmente, pero aféctanse as dúas parcelas mercadas. Estas novas parcelas están situadas no concello de Oza-Cesuras.

A fin de ano, a extensión das parcelas en propiedade que forman parte da dotación fundacional, ou foron afectadas permanentemente ós fins fundacionais polo padroado, é de 88.955 m². No tocante ó activo non corrente, incrementouse en 3.135,55 euros (un 7 % máis), totalizando a fin de ano os 50.399,15 euros.

Ingresos

Aínda que nos ingresos do ano 2015 a maioría dos apartados amosan incrementos respecto do ano anterior, o conxunto presenta un cambio significativo por aparecer unha nova fonte de ingresos que acadou un volume notable: a subvención do Agader para a restauración ecolóxica da parcela Espenuca. Esta fonte de ingresos é unha oportunidade importante que se debe seguir a explorar en futuros anos, en función da existencia de proxectos en marcha nos que as súas características cumpran coas bases das convocatorias destas subvencións públicas.

Este tipo de subvencións teñen carácter finalista e son un recurso para as actuacións de mantemento das parcelas custodiadas e para as actividades de voluntariado ambiental. Lamentablemente, seguen sen convocarse subvencións gobernamentais que permitan financiar acordos de custodia, tales como os de adquisición de parcelas.

Malia que esa subvención foi a fonte con maior volume (supuxo o 38 % dos ingresos), en conxunto as fontes de ingresos seguen a presentar diversidade, quedando a suma de tódalas subvencións públicas por baixo da metade do total dos ingresos (45 %).

Tamén hai que salientar que as doazóns de particulares duplicáronse, por unha banda grazas á fidelidade dos doadores e por outra ó incremento do número de doadores motivado polo maior volume de actividade da entidade e a que probablemente os novos incentivos fiscais axudaron. Supoñen o 30 % dos ingresos e foron asumidos por 34 doadores que achegan unha media de 159,76 euros por persoa. Os seguintes capítulos en importancia son a actividade propia (12 % do total), as doazóns empresariais (9 %) e as asociacións colaboradoras (5 %). No primeiro caso, ese apartado está conformado polos donativos das mesas e rastrillos que sumaron 1.963,96 euros, máis os 130 euros das minutas dun curso.


Por último, destacar que se recibiu a doazón empresarial máis importante até o momento e a recuperación dos niveis de ingresos propios (no exercicio anterior foron baixos motivados pola cancelación de rastrillos e mesas informativas a causa do mal tempo).

Pola contra, no apartado de doazóns de entidades colaboradoras, aínda que en liñas xerais a maioría mantén cifras similares ás de anos anteriores, redúcense os ingresos a preto da metade, a causa dunha baixa e ó descenso na achega doutra, en ambos casos por motivos alleos a Fragas do Mandeo.

En conxunto, os ingresos triplicáronse con respecto do exercicio anterior. De non ter contado coa subvención do Agader, este incremento aínda seguiría sendo moi positivo, concretamente un 63 %.

Ingresos dinerarios	Ano 2015	Ano 2014
Doazóns de particulares	5.432,00	2.680,00
Donativos mesas	1.963,96	1.382,40
Doazón da A. C. Lar de Unta	214,50	200,00
Doazón da A. C. Roxín Roxal	200,00	200,00
Doazón da A. C. O Rabo do Galo	300,00	300,00
Doazón do G. N. Hábitat	100,00	750,00
Doazón da SGHN	0	120,00
Subvención Deputación da Coruña	1.248,67	0
Subvención Agader	6.838,76	0
Empresas	1.550,64	200,00
Formación	130,00	80,00
Xuros bancarios	0	0
Total (euros):	17.978,53	5.912,40


Ingresos 2015



Ingresos 2010-2015



Evolución anual dos ingresos



Investimentos e gastos

Sendo a principal fonte de ingresos do 2015 a subvención do Agader para a restauración ecolóxica da parcela Espenuca, e debido ó seu carácter finalista, ese foi o principal destino do investimento (62%).


A necesidade de liquidez para afrontar-lo pago das facturas deste proxecto antes de cobra-la subvención, supuxo a ralentización do ritmo de compra de parcelas, destinándose a este capítulo soamente o 13 % dos ingresos do ano (sen incluír os gastos de notaría e de rexistro).

O valor do equipamento inventariable mercado acadou a cifra de 2.470,63 euros, financiado ó 70 % pola Deputación da Coruña mediante unha subvención finalista, sendo a parte máis importante a adquisición dun remolque. A nivel contable este gasto é realmente inferior, pois este equipamento será amortizado durante 4 anos, aínda que a súa utilidade na realización de actividades de voluntariado ambiental previsiblemente se prolongará por moitos anos máis.


Investimentos e gastos	Ano 2015	Ano 2014
Adquisición de fincas *	1.588,02	9.304,19
Proxecto Espenuca	7.490,23	0,00
Proxecto Sobrado	3,00	151,77
Proxecto Ollo da Roda	20,02	20,00
Equipamento	2.470,63	1.831,05
Gasto corrente	659,77	667,29
Total (euros):	12.231,67	11.974,30

* Inclúe os gastos aparelados de notaría e rexistro.


Investimento e gasto 2015



Investimento e gasto 2010-2015



Evolución anual dos investimentos e gastos



Gasto corrente


As cifras de gasto corrente nos distintos apartados teñen valores aproximados ós do ano anterior, supoñendo un 3,7 % dos ingresos dinerarios do ano. Pola contra, esta porcentaxe é moi inferior tanto respecto á do ano pasado (11,3 %) como á media do período 2010-2015 (9,4 %), debido a que no presente exercicio os ingresos dinerarios foron significativamente máis elevados que outros anos, o que redonda nun menor peso proporcional do gasto corrente.

A telefonía segue a se-lo apartado máis voluminoso. A modificación do contrato supuxo unha redución significativa nas facturas mensuais a partir de novembro: o efecto será máis notable no próximo exercicio.


Hai que salientar, como en anos anteriores, a ausencia de gastos en nóminas, pois son os voluntarios os que asumen todo o traballo, tanto interno como nas zonas custodiadas. Tamén grazas á súa xenerosidade o resto dos capítulos do gasto corrente son moi reducidos, contabilizándose como nulos os gastos de local, auga, electricidade, limpeza, mantemento, ADSL, quilometraxe, equipamento informático ou funxibles. O mesmo ocorre co deseño e a programación da web (valorados en 13.561 euros), os contidos da web e as súas traducións (valorados en 34.973 euros), desprazamentos, administración e trámites oficiais tiveron custo cero para a entidade.

Gasto corrente	Ano 2015	Ano 2014
Telefonía	449,71	476,11
Aloxamento e dominios de Internet	69,34	95,09
Papelería	60,73	42,22
Gastos varios	12,08	34,08
Comisións bancarias	37,03	21,64
Taxas	30,88	18,15
Total (euros):	659,77	687,29

Gasto corrente 2015: 3,7 %




Evolución da porcentaxe de gasto corrente



A evolución dos fondos de conservación e de actividade


Na gráfica adxunta pode observarse a evolución do fondo Conservación, efectivo destinado exclusivamente a abona-lo importe das parcelas que se mercan. A necesidade de ter liquidez para adianta-los pagos subvencionados levou a que presente a fin de ano unha cifra elevada pendente de investimento, que poderá ser executada no seguinte exercicio.

Evolución do fondo Conservación



En anos anteriores, os ingresos da actividade propia cubriron todo o gasto corrente (incluíndo gastos de notaría e rexistro), permitindo destina-lo 100 % das doazóns a abona-lo importe das parcelas mercadas. Neste ano, a suma do gasto corrente, dos gastos de adquisición de parcelas (notaría e rexistro) e das partes non subvencionadas do proxecto Espenuca e da adquisición de equipamento, superou os ingresos por actividade propia en 386,45 euros. Esta cifra foi cuberta polo remanente de anos anteriores, polo que pode manterse a política de destina-lo total das doazóns a mercar parcelas, incrementándose a fin de ano o fondo para ese fin en 6.209,12 euros.

Evolución do fondo Actividade




Adquisición de fincas

No 2015, a ampliación da superficie custodiada veuse dominada pola sinatura dun convenio de custodia do territorio co Concello de Coirós. Neste acordo incluíronse 9 parcelas de titularidade municipi-

pal que suman unha superficie de 92.239 m², cedéndonos gratuitamente o seu uso e xestión por un período de 50 anos.

A superficie total mercada supuxo unha cifra moi modesta, reducíndose a dúas parcelas que suman 1.860 m². Están localizadas nun lugar onde o valor de mercado é bastante máis alto que nas zonas onde se actúa normalmente. Como son unha parte clave do proxecto do Olló da Roda, para a creación dunha microreserva de anfibios nun enclave de alto valor ecolóxico situado no concello de Oza-Cesuras, a súa adquisición está sobradamente xustificada. O custe total de adquisición e de transmisión destas fincas foi de 1.588,02 euros, cifra na que se inclúen os gastos notariais e de rexistro.

Sumando as fincas cedidas no convenio e as mercadas, o incremento da superficie custodiada foi do 88 %, permitindo acadar a cifra total de 201.347 m².



Son dous os motivos polos que tanto a superficie mercada coma o importe destinado a este fin foron notablemente inferiores con respecto do ano anterior. Na sinatura do convenio co Concello de Coirós estaba incluída unha parcela que precisaba unha rápida intervención: os eucaliptos que tiña foran cortados recentemente e estaban afillando a un ritmo acelerado. Isto significou por unha banda que houbo que dedicarlle moito tempo de traballo detraéndoo do destinado a mercar parcelas noutros anos, e por outra, tal como xa se comentou anteriormente, foi preciso dispor de liquidez para afrontar os pagos adiantados das facturas que posteriormente foron cubertas pola subvención do Agader.

Mantemento de propiedades

As tarefas de mantemento do ano 2015 estiveron condicionadas pola sinatura do convenio co Concello de Coirós. A parcela que precisaba unha rápida intervención ten unha superficie de 14.861 m². No momento da cesión, había un ano que fora cortado o arborado, estaba pendente de procesarse toda a biomasa resultante da tala e moitos eucaliptos tiñan afillado, superando a altura dunha persoa. O relevo abrupto da parcela incrementaba a dificultade dos traballos de restauración ecolóxica. Por este motivo, grazas á subvención do Agader, contratouse unha empresa de servizos forestais para que procedera a xestionar a biomasa e a seca-los eucaliptos. Posteriormente, mediante voluntariado, reforestouse a parcela con carballos, atáronse as árbores autóctonas danadas na corta, fíxose un itinerario para visita-la parcela, colocouse un panel informativo e púxose información do proxecto na web.

Nas parcelas propiedade da Fundación en Os Vellos e no Ollo da Roda continuouse a elimina-la flora exótica invasora, cortando eucaliptos e secándose os seus cepos, controlando a biomasa constituída por restos forestais e toxos para evitar lumes forestais, e preparando o terreo para que se reforeste con especies autóctonas.

Continuouse co mantemento do observatorio ornitolóxico situado nunha das nosas fincas da lagoa de Sobrado, podando os salgueiros que medran diante para que non impidan a observación, cortouse a herba e fixéronse reparacións menores nas fiestras. As dúas fincas custodiadas en Sobrado visitáronse periodicamente, tanto para o mantemento como para limpa-lo observatorio, totalizando no ano 7 visitas.

Apadriñamento

Paralelamente á custodia das dúas fincas de Sobrado, o apadriñamento da lagoa traducíuse na recollida de lixo na súa contorna, no aparcadoiro e no tramo de camiño xacobeo que pasa ó seu carón en case tódalas visitas.

Dentro do espazo natural protexido ZEC Betanzos-Mandeo actuouse en varios puntos. Na praia da Alameda (concello de Miño), dentro da *IV Semana de Custodia*, os voluntarios recolleron o lixo e erradicaron varias especies invasoras que están a poñer en risco a súa biodiversidade (*Cortaderia selloana*, *Carpobrotus edulis*, *Cotula coronopifolia*, *Conyza canadensis* e *Aster squamatus*). No río Mendo, entre as pontes de As Moas e a de Taibo, recolleron todo tipo de refugallos nas dúas beiras. A organización dunha eco-regata en Betanzos permitiu recoller 16 m³ de lixo na marisma. No río Mandeo os voluntarios arrincaron 164 quilos de tubérculos da especie exótica invasora *Crocsmia x crocosmiiflora* no entorno do lugar de Chelo.

Tamén iniciouse o apadriñamento da praia Grande de Miño, próxima ó espazo natural, recollendo todo o lixo e erradicando varias especies exóticas invasoras (*Cortaderia selloana*, *Carpobrotus edulis*, *Crocsmia x crocosmiiflora*, *Yucca gloriosa* e *Iris germanica*) e reducindo a presenza doutras (*Vinca difformis* e *Arctotheca calendula*).


Voluntariado

A entidade contou con suficiente voluntariado. Acabou o ano coa colaboración de 92 voluntarios distintos, cifra á que hai se sumar os 24 voluntarios da Dirección Xeral de Voluntariado da Xunta de Galicia es os 45 scouts que participaron en senllas actividades, o apoio de cinco asociacións e a colaboración da empresa CPR Gestión nas tarefas de administración. O número de horas dedicadas polo voluntariado equivale a 325 xornadas laborais de 8 horas.

Difusión da entidade

A difusión da entidade a través de Internet seguiu sendo o principal recurso, por ser un medio con custos moi reducidos. O total de contidos da web acadou a final de ano unha extensión de 104.771 palabras para a versión en galego. Sumando os textos xa traducidos ó castelán, inglés e alemán, totalízase unha extensión de 301.507 palabras.

Dimensión da web (en palabras)




Ó longo do ano publicáronse 30 entradas na sección de noticias, cunha media de 2,5 por mes. A través dela anunciáronse as actividades programadas e a participación da entidade en diversos foros.


A final de ano contabilizáronse 52.246 visitas realizadas por 23.027 visitantes distintos, cun total de 265.385 páxinas servidas. A media mensual de visitantes distintos foi de 1.919 persoas, o que significa que se mantén o incremento anual do 6 %. Pola contra, este aumento non afecta de xeito similar ó número de visitas (de feito diminuíu un 18 %). A cifra de páxinas servidas por visitante distinto mantense en cifras similares. O posicionamento da web de Fragas do Mandeo nos buscadores seguiu a ser óptimo (aínda que mellorable cando se buscan determinados termos relacionados coa súa actividade).

Uso da web

265.385 páxinas servidas en 2015



Tráfico da web



Para promover-lo voluntariado ambiental na bisbarra de As Mariñas, e así poder comunicar cos potenciais participantes nas actividades programadas pola entidade, continuouse co mantemento da conta na rede social Facebook (www.facebook.com/voluntariado_mandeo/) creada o ano anterior. No exercicio publicáronse 26 comunicacións que suman 4.270 palabras e 24 imaxes, alcanzando a 23.940 persoas.

A presenza nos medios de comunicación continúa sendo moderada. Os xornais *La Opinión – Coruña*, *Betanzos e a súa comarca*, *El ideal Gallego* e *La Voz de Galicia* recolleron diversas informacións, especialmente as relativas á semana de custodia organizada pola entidade e á actuación na praia Grande de Miño.

Para dar a coñecer-la entidade noutras vilas da bisbarra, Fragas do Mandeo fixo presentacións sobre a súa actividade e fins na concentración anual da Federación de Scouts-Exploradores de España (Boebre, Pontedeume), na Casa da Xuventude de Betanzos e no coruñés IES Agra do Orzán.

Promoción da custodia

A promoción e difusión da custodia do territorio, como en anos anteriores, seguiu a facerse a través de varias liñas de traballo:

Participación en eventos: A entidade participou como relator no taller *Empresa e diversidade* no CEIDA (Santa Cruz de Oleiros), nas xornadas do proxecto *Tejiendo Redes* (Santiago de Compostela) e na xornada *Especies invasoras, voluntariado ambiental e custodia do territorio* no museo Domus (A Coruña).

Organización da semana de custodia: Fragas do Mandeo encargouse de organizar, coa colaboración da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, a *IV Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*, co obxectivo de promover-lo voluntariado ambiental e de realizar actuacións en distintos puntos da bisbarra.

Participación na Rede Galega: Fragas do Mandeo continuou a ser parte activa na constitución da Rede Galega de Entidades de Custodia do Territorio, para que estas entidades teñamos unha representación ante a Administración e a sociedade en xeral. Esta participación traducíuse na presenza en reunións coas entidades promotoras e en eventos como as xornadas do proxecto *Tejiendo Redes* (Santiago de Compostela).

Na páxina web seguen a manterse documentos e información actualizada relacionada coa custodia do territorio, aparte das noticias ó respecto, de maneira que o público poida informarse e resolver-las súas dúbidas ó respecto.

Política lingüística

O idioma de uso habitual na entidade é o galego. Seguindo a política de non discriminación lingüística, os doadores e mailos voluntarios poden escolle-lo idioma de relación coa entidade.

O usuario da web da entidade pode escoller entre catro idiomas (galego, castelán, inglés e alemán). Tódalas páxinas da web están traducidas do galego ó castelán no momento da súa publicación. As traducións ó inglés e ó alemán van avanzando ó ritmo que poden os tradutores voluntarios. A final de ano o 87% das entradas están traducidas.

No caso da conta de Facebook, soamente se usa o galego, pois o software non facilita ter versións en distintos idiomas.

Política de igualdade

Grazas a non existir actitudes ou políticas discriminatorias, e tamén debido ó maior volume de participación, as diferenzas nas estatísticas por sexo diminúen. No voluntariado a relación foi equilibrada (1,02 homes por cada muller).

O equilibrio nos doadores particulares recuperouse en gran medida, habendo actualmente 1,26 homes por cada muller. Pero isto non ten un equivalente no total dos importes doados. Debido a que a doazón media das mulleres segue a se-lo dobre que a dos homes (227 euros nas mulleres e 107 euros nos homes), a achega conxunta das mulleres acada o 63 % do total, quedando a dos homes nun 37 %.

Os representantes no padroado seguen a ser todos homes, pois non se renovou durante o exercicio.

Planificación para o ano 2016

O padroado da entidade ten previsto centrarse no ano 2016 nas seguintes liñas de actuación:

- Continuar coa adquisición de parcelas nalgunha das tres zonas de alto valor ecolóxico nas ribeiras do ríos Mandeo e Mendo, nos concellos de Aranga, Coirós e Oza-Cesuras, para o que se contemplou no plan de actuación destinar 6.175 euros. No caso de gañar o concurso público para custodiar tres novas parcelas de titularidade do Concello de Coirós, está cifra se verá reducida.
- Mantemento do observatorio e das fincas de Sobrado dos Monxes, para o que se contemplou no plan de actuación destinar 100 euros, en previsión de actos vandálicos e deterioracións naturais.
- Promoción da custodia do territorio en Galicia, mediante a participación en xornadas ou encontros que poidan seren sufragados con fondos alleos á entidade; participando na Rede Galega de Entidades de Custodia do Territorio (100 euros de cota); organizando a *V Semana de Custodia nas Mariñas*, para a que —aínda que se contemplou no plan de actuación destinar 1.200 euros— buscarase financiamento externo; por último, a través da súa difusión na páxina web da entidade.
- Mantemento das zonas custodiadas (fincas cedidas ou adquiridas en Aranga, Coirós, Oza-Cesuras e Sobrado dos Monxes) e apadriñadas mediante voluntariado ambiental, coa eliminación da flora alóctona, retirada de lixo e reforestación con especies autóctonas, para o que se contemplou un gasto de 2.470 euros para equipamento.
- Mantemento da difusión a través da web, do Facebook e de charlas (70 euros de custe previsto).

Aplicación dos principios de transparencia e boas prácticas

Dende o seu nacemento, Fragas do Mandeo ten a vontade de segui-los principios de transparencia e boas prácticas recomendados pola Fundación Lealtad, como mecanismo para garantir que se dea resposta ás demandas de información da sociedade.

1. Principio de Funcionamento e Regulación do Órgano de Goberno

- A. *“El órgano de gobierno estará constituido por un mínimo de 5 miembros.”*

Tal como regulan os estatutos, o padroado está composto por tres membros, en representación das tres entidades que participaron na creación de Fragas do Mandeo. Aínda que a recomendación é que debe estar constituído por un mínimo de 5 membros, considérase que o modesto tamaño da entidade non require máis membros dos que ten. Asemade, dado o seu carácter de representantes de entidades, significa a existencia dun segundo nivel de control da súa xestión.

- B. *“El órgano de gobierno se reunirá al menos 2 veces al año con la asistencia física o por videoconferencia de más del 50% de los miembros del órgano de gobierno.”*

O padroado reuniuse en xunta de goberno 8 veces no ano 2015, participando presencialmente tódolos seus membros. Adicionalmente, realizáronse outras reunións presenciais, e contactos permanentes por vía telemática.

- C. *“Todos los miembros del órgano de gobierno asistirán en persona o por videoconferencia, al menos, a una reunión al año.”*

Como se indica no punto B, tódolos membros do goberno asistiron presencialmente ás reunións máis dunha vez no ano.

- D. *“Respecto a los miembros del órgano de gobierno, serán públicos los nombres, profesión, cargos públicos y relación de parentesco y afinidad con otros miembros del órgano de gobierno y con el equipo directivo de la organización. Será público el currículum vitae de los miembros del equipo directivo. La organización hará públicas las relaciones que existan entre miembros del órgano de gobierno y los proveedores y co-organizadores de la actividad.”*

O nome, profesión e currículo dos membros do padroado están publicados na web. Non teñen relacións de parentesco entre si ou con provedores e co-organizadores.

- E. *“Sólo un número limitado de los miembros del órgano de gobierno podrá recibir ingresos de cualquier tipo, procedentes tanto de la propia organización como de otras entidades vinculadas. Este porcentaje será inferior al 40% de los miembros.”*

Ningún membro do padroado ou do voluntariado percibe ingresos da entidade, directa ou indirectamente.

- F. *“Los miembros del órgano de gobierno se renovarán con cierta regularidad.”*

Os estatutos contemplan a renovación periódica do órgano de goberno, téndose procedido á súa renovación no exercicio anterior.

- G. *“Existirán mecanismos aprobados por el órgano de gobierno que eviten situaciones de conflicto de interés en el seno del órgano de gobierno. Estos mecanismos serán públicos.”*

Están pendentes de elaboralos mecanismos de resolución dos conflitos de intereses no órgano de goberno.

2. Principio de Claridade e Publicidade do Fin Social

- A. *“El fin social estará bien definido. Deberá identificar u orientar sobre su campo de actividad y el público al que se dirige.”*

O fin social está definido no artigo 6 dos estatutos, e o público ó que se dirixe no artigo 11. Na páxina web explícanse en detalle, estando tamén dispoñible na mesma o texto íntegro dos estatutos.

- B. *“Todas las actividades que realice la organización estarán encaminadas a la consecución del fin social, de modo que la organización no lleve a cabo actividades que no estén explícitamente contempladas en sus Estatutos.”*

Tódalas actividades realizadas e programadas están contempladas no artigo 7 dos estatutos.

- C. *“El fin social será conocido por todos los miembros de la organización, incluidos los voluntarios y será de fácil acceso para el público.”*

Tódolos membros da organización, padroado e voluntarios, coñecen en detalle os seus fins sociais. O público ten acceso a eles na web da entidade.

3. Principio de Planificación e Seguimento da Actividade

- A. *“Existirá un plan estratégico o un plan anual que englobe toda la organización con objetivos cuantificables, cronograma y responsables. Serán públicos los objetivos relacionados con el área de proyectos.”*

Durante o ano 2015 seguiuise o plan de actuación correspondente. Para o seguinte exercicio elaborouse un plan de actuación do ano 2016, onde se detallan datas e actividades, entregado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, que actuaba nese momento como protectorado. A información sobre as actividades e as datas de realización vanse publicando na web segundo vai concretándose a súa organización. Existe unha páxina específica na web respecto ás campañas en marcha, cos seus obxectivos e localización.

- B. *“La planificación tendrá que estar aprobada por el órgano de gobierno.”*

O plan de actuación foi aprobado por unanimidade polo padroado.

- C. *“Durante los últimos tres años, los programas habrán seguido una línea de trabajo específica.”*

Estase a segui-la mesma liña de traballo dende a creación da entidade.

- D. *“Contarán con sistemas formalmente definidos de control y de seguimiento interno de la actividad y de los beneficiarios. Estos estarán aprobados por el órgano de gobierno.”*

Os sistemas de control e seguimento están pendentes de redactar.

- E. *“La organización elaborará informes de seguimiento y finales justificativos de los proyectos que estarán a disposición de los financiadores.”*

En cada adquisición de fincas infórmase ós doadores da cantidade investida e dos metros cadrados mercados, indicándolles se foron utilizadas as súas doazóns e a cantidade de metros cadrados que se mercaron con elas. Con respecto ás parcelas cedidas polo Concello de Coirós e a parcela arrendada ó Banco de Terras de Galicia, emitíronse os correspondentes informes anuais no primeiro trimestre do 2016.

- F. *“La organización contará con criterios y procesos de selección de proyectos y contrapartes aprobados por el órgano de gobierno.”*

Están pendentes de elaborar.

4. Principio de Comunicación e Imaxe Fiel na Información

- A. *“Las campañas de publicidad, captación de fondos e información pública reflejarán de manera fiel los objetivos y la realidad de la organización y no inducirán a error.”*

A web da entidade recolle fielmente toda a información existente. O folleto impreso para a campaña de publicidade e captación de fondos recolle información clara e fidedigna.

- B. *“Al menos una vez al año se informará a los donantes y colaboradores sobre las actividades de la organización.”*

Os doadores e colaboradores recibiron información periódica por correo electrónico. Se celebraron reunións coas directivas das asociacións doadoras (aquelas que non forman parte do padroado) para explica-las actividades e os avances da entidade.

- C. *“Son requisitos para llevar a cabo la comunicación de forma eficiente contar con correo electrónico institucional y página web propia en funcionamiento, con información de todas las actividades de la organización y actualizada al menos una vez al año.”*

A entidade conta con páxina web permanentemente actualizada, e enderezo electrónico xestionado diariamente.

- D. *“La organización pondrá a disposición de quien lo solicite la memoria anual de actividades y la memoria económica anual. La memoria anual de actividades y los estados financieros con su correspondiente informe de auditoría serán accesibles a través de la web.”*

Os informes anuais de balance económico e de xestión están publicados na web e accesible para todo o público, e así se fará co presente informe. Non se ten realizado a auditoría externa das contas polo reducido volume destas e custo aparelado.

5. Principio de Transparencia no Financiamento

- A. *“Las actividades de captación de fondos privados y públicos, su coste y su recaudación anual (donaciones, socios y otras colaboraciones) serán públicos.”*

O balance de doazóns e a súa procedencia están recollidas neste informe. Non se fixo ningunha campaña de captación de fondos no ano 2015.

- B. *“Serán públicos los fondos recaudados con detalle de los principales financiadores, tanto públicos como privados, y las cantidades aportadas por los mismos.”*

Os fondos recadados están publicados neste informe, así como o nome das asociacións que fixeron doazóns. A máxima doazón dunha empresa foi soamente do 8 % dos ingresos, cifra igual que a máxima dun particular, polo que non se informa dos seus nomes.

- C. *“Será conocida la imputación de los fondos recaudados a la actividad de cada año, debidamente documentada.”*

No apartado económico deste informe detállase o destino dos fondos.

- D. *“En caso de solicitar datos personales, la organización incluirá en sus soportes de recogida de datos la información pertinente según la legislación vigente en materia de datos personales. La organización tendrá registrados sus archivos de socios y donantes particulares en la Agencia de Protección de Datos.”*

Está pendente de dar de alta o ficheiro de datos de doadores e voluntarios na Axencia de Protección de Datos. Na súa recollida infórmase dos dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición que outorga a lei.

- E. *“Existirán criterios de selección de empresas y entidades colaboradoras aprobados por el órgano de gobierno.”*

Están pendentes de redactar.

- F. *“Los acuerdos de cesión del logotipo de la entidad a empresas e instituciones deberán estar formalizados por escrito. Las cláusulas de cesión del logotipo no serán confidenciales.”*

Non se cedeu o uso do logotipo a terceiros.

6. Principio de Pluralidade no Financiamento

- A. *“La organización deberá diversificar su financiación con fondos públicos y privados. En ningún caso los ingresos privados serán inferiores al 10% de los ingresos totales.”*

A meirande parte dos ingresos da entidade foron privados. As subvencións públicas recibidas supuxeron o 45 % dos ingresos, polo que non existe dependencia dos fondos públicos.

- B. *“La organización contará con una variedad de financiadores externos que favorezca la continuidad de su actividad. Ninguno de ellos aportará más del 50% de los ingresos totales de la organización de forma continuada durante los dos últimos años.”*

Ningún dos doadores ten achegado máis do 50 % dos ingresos. A doazón particular de maior importe supuxo o 8 % do total dos ingresos do ano; a doazón de asociación colaboradora de maior importe supuxo o 2 % do total, e a de empresa o 8 %.

7. Principio de Control na Utilización de Fondos

- A. *“Será conocida la distribución de los gastos de funcionamiento agrupados en las categorías de Captación de Fondos, Programas-Actividad y Gestión-Administración. Será además conocido el destino de los fondos desglosado por cada proyecto y línea de actividad de la organización.”*

O balance económico do presente informe detalla cada un dos apartados de gastos.

- B. *“Existirá un detalle de los principales proveedores y co-organizadores de la actividad. La organización contará con una Política de Aprobación de Gastos, así como criterios de selección de proveedores aprobados por el órgano de gobierno.”*

O baixo nivel de aprovisionamento da entidade fixo innecesario establecer unha política de aprobación de gastos e selección de provedores.

- C. *“La organización deberá preparar un presupuesto anual para el año siguiente con la correspondiente memoria explicativa y practicar la liquidación del presupuesto de ingresos y gastos del año anterior. El presupuesto y la liquidación estarán aprobados por el órgano de gobierno y serán públicos.”*

O padroado aprobou en reunión da xunta de goberno as contas do ano 2015, resumidas neste documento, e o presuposto para o ano 2016, que tamén se recolle nel.

- D. *“La organización no contará con recursos disponibles excesivos en los dos últimos años.”*

Todo o excedente do exercicio aplícase a reservas. As mesmas serán destinadas á compra de novas fincas que serán afectadas permanentemente ós fins fundacionais polo padroado en canto frutifiquen as negociacións en marcha.

- E. *“La organización no presentará una estructura financiera desequilibrada de forma continuada en los últimos tres años.”*

A estrutura financeira é equilibrada, estando ausentes os compromisos financeiros.

- F. *“Las inversiones deberán cumplir unos requisitos de prudencia razonable.”*

Non se teñen feito investimentos financeiros no presente ano, nin están previstos para os próximos.

- G. *“En el caso de contar con inversiones financieras, la organización contará con unas normas de inversión aprobadas por el órgano de gobierno.”*

Non se conta con investimentos financeiros, nin están previstos.

- H. *“Las inversiones en sociedades no cotizadas estarán relacionadas y ayudarán directamente a la consecución del fin social.”*

Non se teñen realizado investimentos en sociedades, nin están previstos.

- I. *“La organización respetará la voluntad de los donantes y se establecerán sistemas de seguimiento de fondos dirigidos. Los fondos procedentes de apadrinamiento se considerarán fondos dirigidos.”*

No ano 2015 a entidade non ofreceu a posibilidade de fondos dirixidos nin de apadriñamentos, dado que a súa misión é moi concreta e local. Os doadores teñen forma de saber con anticipación en que van investirse as súas achegas, por estar explicado na web da entidade.

8. Principio de Presentación das Contas Anuais e Cumprimento das Obrigas Legais

- A. *“La organización acreditará el cumplimiento de las obligaciones legales ante la Administración Tributaria, Seguridad Social y Protectorado o Registro correspondiente.”*

A entidade está exenta do Imposto de Sociedades, remitiu os certificados de doazóns ós doadores, non ten obrigas coa Seguridade Social por non ter empregados, ten entregada a documentación requirida ó protectorado da Xunta de Galicia e conta co certificado de rexistro.

- B. *“La organización elaborará las cuentas anuales de acuerdo con el Plan General de Contabilidad de Entidades sin Fines Lucrativos que serán sometidas a auditoría externa y aprobadas por la Asamblea General o el Patronato.”*

A entidade ten elaboradas as contas segundo o *Plan Xeral de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos*, anexas a este informe, aprobadas polo padroado. Non se ten feito auditoría externa por redución de custos e baixo nivel de operacións.

9. Principio de Promoción do Voluntariado

- A. *“La organización promoverá la participación de voluntarios en sus actividades.”*

No ano 2015 a Fundación aumentou un 38 % o número de voluntarios (pasou de 117 no 2014 a 161 neste exercicio), principalmente grazas ás actividades programadas dentro da *IV Semana de Custodia*.

Para outras actividades, como atende-las mesas informativas e rastrillos, invitouse con antelación ós interesados en participar, contando sempre con suficiente persoal.

A participación do voluntariado traducíuse nunha dedicación equivalente a 325 xornadas laborais de 8 horas.

- B. *“Estarán definidas aquellas actividades que están abiertas a ser desarrolladas por voluntarios. El documento en el que se recojan dichas actividades será público.”*

As actividades nas que puido participa-lo voluntariado foron publicadas na web segundo foi concretándose a súa programación.

- C. *“Se contará con un plan de formación acorde con las actividades designadas, a disposición de los voluntarios.”*

Antes do inicio de cada actividade, os voluntarios recibiron as debidas explicacións, non precisándose de maior planificación pola súa simplicidade.

D. *“Los voluntarios estarán asegurados.”*

As actividades de campo nas que participaron os voluntarios estiveron cubertas polo seguro financiado por unha asociación colaboradora nas actuacións.